

INFORME DE INTERVENCIÓN A CONTA XERAL DO EXERCICIO 2022 DO CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E TABELIROS- TERRA DE MONTES.

O obxectivo deste informe é analizar a información máis relevante no aspecto patrimonial, económico e financeiro resultante da Conta Xeral do exercicio 2022 do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes. Asimesmo, preténdese comprobar que os Estados Financeiros preséntanse dacordo coas normas que son de aplicación e os principios contables públicos.

1.- Normativa Legal.-

- Ley 7/85 de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Arts. 208 a 212 do R. D. Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais.
- Arts. 89 a 105 do R.D. 500/1990 de 20 de abril.
- Orden EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.
- Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro, polo que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Orden do Ministerio de Economía e Facenda, de 23 de novembro de 2004, pola que se aproba a Instrucción de Contabilidade para a Administración Local no seu modelo normal.
- Real Decreto Lei 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financeiras de carácter extraordinario e urxente, aplicables as Entidades Locais.
- Real Decreto Lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e outros ambitos para a reactivación económica. (art. 6 relativo a o destiño do superavit das Entidades Locais correspondente ao exercicio 2019 e de aplicación ao exercicio 2020).
- Lei 22/2021, de 28 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2022.
- As Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2022.

2.- Formación, rendición, publicidade e aprobación.-

2.2.- Formación:

O artigo 208 do TRLRFL dí textualmente: "*As entidades locais, ao remate do exercicio orzamentario, formarán a conta xeral que pondrá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario*".

2.1.- Rendición, publicidade e aprobación:

O artigo 212 do mesmo texto establece:

“1.- Os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu Presidente antes do día 15 de maio do exercicio seguinte a que correspondan. As dos órganos autónomos e sociedades mercantís cuxo capital pertenza íntegramente a aquela, rendidas e propostas inicialmente polos órganos competentes destes, serán remitidas a entidade local no mesmo prazo.

2.- A conta xeral formada pola intervención será sometida antes do día antes do día 1 de xuño a informe da Comisión Especial de contas da Entidade Local, que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da Corporación.

3.- A Conta Xeral co informe da Comisión Especial a que se refire o apartado anterior será exposta ao público por un prazo de 15 días, durante os cales e 8 máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados éstos pola Comisión Especial e practicadas por esta cuantas comprobacións estime necesarias, emitirá un novo informe.

4.- Acompañada dos informes da Comisión Especial e das reclamacións ou reparos formulados, a conta xeral someterase ao Pleno da Corporación, para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

5.- As entidades locais rendirán ao Tribunal de Contas a conta xeral debidamente aprobada”.

3.- Informe.-

Examinada a documentación que integra o **EXPEDIENTE**:

- Balance de Situación.
- Conta de Resultados
- Liquidación do Orzamento de Gastos.
- Liquidación do Orzamento de Ingresos.
- Resultado Orzamentario do exercicio económico de 2.022.
- Remanentes de Crédito a 31/12 /2.022.
- Remanente de Tesourería a 31 /12 /2.022.
- Memoria

Esta Intervención ten a ben **INFORMAR**:

A.- BALANCE DE SITUACIÓN a 31.12.2022:

Este estado financeiro referido o patrimonio indica comparativamente os incrementos do activo, do activo non corrente e do pasivo do exercicio 2022. O activo comprende coa debida separación, os bens e dereitos, así coma os posibles gastos diferidos (gastos a distribuír en varios exercicios), e o Pasivo que recolle as obrigas e os fondos propios da entidade. O compoñente máis importante do activo é a valoración do patrimonio da entidade que supón 3.337.105,80 €.

Con respecto o activo circulante ou corrente que fai referencia os debedores o peche do exercicio, así coma das existencias de Tesourería; éste presenta unha pequena variación no total xeral en comparación co dato arroxoado no exercicio 2021; producida entre outros por un maior saldo na conta dos debedores por operacións de xestión, así coma un saldo bancario a 31 de decembro de 2022 inferior con respecto ao mesmo dato do ano anterior. No que respecta os debedores por dereitos recoñecidos e os acreedores por obrigas recoñecidas serán desglosados no análise da Liquidación do Orzamento.

O total do activo e pasivo ascende a 3.337.105,80 €. No exercicio 2021 foi de 3.208.457,84 €. O desglose móstrase nos estados anexos.

E necesario concretar que os datos reflexados neste estado non son fel reflexo da realidade xa que non foi realizado correctamente o correspondente rexistro de inmovilizado así como os asentos de amortización e depreciación dos bens. Tamén como cuestión de relevancia a relativa á parcela onde se asenta o inmovible da sede do Consorcio propiedade do Concello de Silleda, que mediante un convenio asinado no ano 2015 entre o Consorcio e o Concello de Silleda éste cede en uso ao Consorcio e que non figura recoñecido na contabilidade é en consecuencia nos estados da Conta Xeral.

Esta anomalía, e a raíz das consideracións realizadas pola auditoría efectuada por un auditor público independente sera subsanada no vindeiro exercicio.

B.- CONTA DE RESULTADOS ECONÓMICO-PATRIMONIAL A 31.12.2022.

E tamén un estado financeiro que expresa os resultados do exercicio dende o punto de vista económico-patrimonial e consta de Debe e Haber.

Tanto no apartado de gastos coma no de ingresos un estudio máis pormenorizado realízase no análise do estado de liquidación do orzamento, non obstante a suma deste estado arroxa a cantidade en gastos e de 1.076.090,42 € para o exercicio 2022, cifras lixeiramente inferior as arroxadas no pasado exercicio 2021; destes e outros datos resulta un aforro neto de 86.334,04 €, que no exercicio 2021 foi de 40.639,78 €. Este dato confirma a correcta execución do gasto con respecto aos ingresos durante o exercicio.

En canto a ingresos os datos para o exercicio 2022 son de 1.162.424,46 € e corresponden exclusivamente a transferencias correntes, tanto das aportacións dos entes consorciados, Xunta de Galicia e Deputación Provincial de Pontevedra, como do cobro da Taxa pola prestación do Servizo, ademais da Contribución Especial de mellora do servizo.

De todos os parámetros enunciados resulta un estado total do patrimonio neto da entidade cifrado en 3.337.105,80 €.

Outros estados, como os referidos ao estado de ingresos e gastos recoñecidos, e os fluxos de efectivo figuran no expediente.

C.- ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

A liquidación do Orzamento do Consorcio Contraincendios das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes do exercicio 2021, reflicte, nos seus estados contables por partidas, as seguintes e principais magnitudes que se indican:

CONCEPTO	IMPORTE
- Dereitos pendentes de cobro a 31.12.2022	9.864,18 €
- Obrigas pendentes de pago a 31.12.2022	85.909,19 €
- Resultado orzamentario axustado	86.334,04 €
- Remanentes de crédito	376.272,52 €

- Remanentes de crédito axustados	26.302,52 €
- Remanente de Tesourería total	684.538,77 €
- Remanente de Tesourería para gastos xerais	674.674,59 €

A totalidade dos remanentes de crédito que no derradeiro exercicio non estiveran afectos ao cumprimento de obrigas quedan anulados de pleno dereito, coas excepcións previstas no artigo 182.3 do TRLRFL (que deberán materializarse a través dos correspondentes expedientes de incorporación de remanentes de crédito), cuxa incorporación sexa obrigatoria por estar total ou parcialmente financiados con recursos afectados procedentes de axentes financeiros alleos á Corporación. Sobre esta cuestión, na que se incidirá no apartado do Remanente Positivo de Tesourería, indicar que consta un documento A a data 31.12.2021 correspondente a modificación orzamentaria na modalidade de Crédito Extraordinario relativo ao procedemento de adquisición dun vehículo autobomba urbano pesado por un importe de 340.000,00 € financiado con Remanente Positivo de Tesourería.

E convinte tamén facer constar o preceptuado no art. 104 do R.D. 500/1990 que fai referencia os supostos en que o Remanente de Tesourería seña positivo, e sinala que éste constitúe un recurso para a financiación de modificacións de créditos no Orzamento. No seu punto 4 sinala que en ningún caso poderá formar parte das previsións iniciais de ingreso, nin poderá financiar os créditos iniciais do orzamento de gastos. Non obstante existe normativa recente referida ao Remanente de Tesourería Positivo e introduce unha modificación do art. 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

A esta disposición súmanse, o Real Decreto Lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e outros ámbitos para a reactivación económica.

En resumo, a suspensión das regras fiscais supuxo que o superávit non teña que dedicarse a amortizar débeda, aínda sendo posible realizar esta amortización si a EELL o considera. A regra do artigo 32 da LOEPSF pode non aplicarse a partir do momento en que suspenderon as regras fiscais, xa que éstas son o fundamento daquela regra. Regra que conecta co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co de débeda pública.

Ao non ser aplicable a regra xeral, tampouco é necesaria a regra especial de destinar o superávit a inversións financieramente sostibles, salvo as excepcións seguintes, ou mediante norma posterior que prorrogue íntegramente a DA 6ª da LOEPSF.

Non obstante en canto a esta última, hai que ter en conta que, no marco das medidas que se adoptaron como consecuencia da crise sanitaria pola COVID-19, mediante o artigo 3 do RDL 8/202, de 17 de marzo, autorizouse as EELL a destinar o superávit de 2019 e 2020 a financiar gasto social, considerando como inversión financeiramente sostible, non computando na regra de gasto dese ano, dentro do marco da D.A. 6ª da LOEPSF; e dacordo co artigo 20.1 do R.D.L. 11/2020, de 31 de marzo, concretouse que para cada Entidade Local o 20 % do importe do superávit ou do remanente de tesourería para gastos xerais que, como máximo, pode destinar a inversións financeiramente sostibles.

1.- ANALISE DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS. EXERCICIO CORRENTE.

Os créditos iniciais son os recollidos no Orzamento para o exercicio 2022, aprobado inicialmente polo Pleno do Consorcio o día 27 de outubro de 2021, e ratificado e aprobado definitivamente polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2021.

Perante o exercicio 2021 producíronse as seguintes modificacións de crédito:

- Incorporación de Remanente derivado do Crédito Extraordinario 1/21 por un importe de 340.000,00 € financiado co Remanente Positivo de Tesourería, destinado a adquisición de un vehículo autobomba urbano pesado.

- Transferencias de crédito: Positivas por importe de 27.789,85 €, e negativas por importe de 27.789,85 €.

- Créditos xerados por ingresos: Por un importe de 4.350,94 €.

Os créditos definitivos, son os iniciais aumentados ou diminuídos no importe das modificacións realizadas segundo o signo das mesmas.

As obrigas recoñecidas netas, supoñen aproximadamente o 74,09 % dos créditos definitivos, o que indica que quedou pendente adquisición a inversión derivada da obriga resultante do crédito extraordinario 01/21, así como a inversión dunha nova aplicación informática relativa ao programa de contabilidade por un importe de 9.970,00 €.

Os pagos realizados supoñen o 96,22 % das obrigas recoñecidas, o que indica que un 3,78 % (40.676,22 €), das obrigas quedaron pendentes de pago, cantidade considerablemente superior a do exercicio 2021, no que quedaron obrigas pendentes de pago por importe de 2.845,03 €.

Se comparamos as principais magnitudes cos datos extraídos da liquidación do exercicio anterior, veremos que:

No exercicio 2022, recoñeceronse obrigas por 1.076.090,42 €, mentres que no exercicio 2021 foron de 1.164.807,44 €, e dicir diminuíron en 88.717,02 €, dato que fai referencia a adquisición dun camión escaleira relativo a incorporación de crédito relativo ao crédito extraordinario 01/20 por un importe de 133.100,00 €. Os pagos realizados durante o exercicio 2022 foron 1.035.414,20 € mentres durante o exercicio 2021 ascenderon a 1.161.962,41 €.

Si analizamos o que supón cada capítulo respecto dos totais do Estado de execución obtemos o seguintes datos:

CAP	CRÉDITOS INICIAIS	CRÉDITOS DEFINITIVOS	GASTOS COMPROMETIDOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PAGOS REALIZADOS
1	947.689,00	947.689,00	933.863,76	933.863,76	896.079,33
2	150.353,00	154.703,94	142.226,66	142.226,66	139.334,87
6	9.970,00	349.970,00	0,00	0,00	0,00
Total	1.108.012,00	1.452.362,94	1.076.090,42	1.076.090,42	1.035.414,20

Este cadro indica a importancia específica dos distintos capítulos orzamentarios respecto do total da liquidación orzamentaria.

Se os comparamos cos datos que arroxa a liquidación do exercicio 2021, observamos que as obrigas recoñecidas de persoal incrementáronse nun 5,29 % (de 886.946,73 € a 933.863,76 €), este incremento xustifícase pola aplicación do Real Decreto Lei 22/2021, de 28 de decembro de 2021, dos Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2022, fai constancia no seu art. 18.2 do incremento das retribución do persoal ao servizo das distintas Administracións Públicas non poderá superar en todos os conceptos salariais o 2 % con respecto as vixentes a 31 de decembro de 2021, tamén a posterior publicación do R.D. 18/2022, do 18 de outubro dispuxo un incremento adicional e con carácter retroactivo dun 1,5 %, e por último por Resolución da Presidencia de data 23 de decembro de 2022 dispuxo un reparto de produtividade a toda a plantilla.

Os gastos en bens correntes e servizos presentan un sensible detrimento nas obrigas recoñecidas con respecto as do exercicio anterior, pasando de 144.260,71 € no exercicio 2021 a 142.226,66 € no exercicio 2022, diferenza producida basicamente polos gastos provocados a consecuencia da situación de pandemia sanitaria e o incremento dos prezos ao consumo principalmente os carburantes. En xeral os conceptos orzamentarios semellan unhas consignacións e disposicións moi equilibradas en comparación cos exercicios inmediatamente anteriores, e como se indicou, están íntimamente relacionado coa actividade do Consorcio.

O capítulo 6 de inversións presenta unha consignación inicial de 9.970,00 € importe facilitado pola Deputación Provincial que corresponde coa parte proporcional para a licitación destiñada a adquisición dunha nova aplicación informática de xestión económica-financieira e patrimonial, e unha consignación case que testimonial, de 5.000,00 € que non presenta movementos. Como se comentou anteriormente durante o exercicio 2021 aprobouse un crédito extraordinario para a adquisición mediante procedemento aberto dun vehículo autobomba urbano pesado por un importe de 340.000,00 € financiado con Remanente Positivo de Tesourería. A situación deste expte. a data 31 de decembro é de que consta un documento A en contabilidade polo importe indicado xa que logo do transcurso do exercicio económico non foi posible a finalización do procedemento debido basicamente ao retraso que actualmente presentan certos suministros.

Esta tendencia, reflicte que os gastos do capítulo 1 supón un 86,78 %, o 2 u n 13,22 % . O capítulo 6 de inversións representa un 0,00 % das obrigas recoñecidas netas.

En conclusión, é necesario continuar implementando medidas eficaces de control do gasto, e de incremento dos ingresos, tal e como se recolle no Plan de Avaliación da Xunta de Galicia.

E convinte facer unha comparativa cos datos doutros Consorcios Contraincendios similares da Comunidade Autónoma de Galicia para entender as actuacións realizadas neste Consorcio en canto a sostenibilidade financeira e políticas de aforro.

2.- ANALISE DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS. EXERCICIO CORRENTE

Os créditos iniciais son os recollidos no Orzamento para o exercicio 2021, aprobado inicialmente polo Pleno do Consorcio o día 27 de outubro de 2021, e ratificado e aprobado definitivamente polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2021.

As modificacións producidas no Estado de ingresos, correspondense coas modificacións cuantitativas realizadas no Estado de gastos, derivadas do crédito extraordinario 01/21, os

créditos xerados por ingresos, e as realizadas entre as distintas partidas e que corresponden coas transferencias de créditos.

As previsións definitivas están constituídas polas iniciais aumentadas ou diminuídas polas modificacións correspondentes. Realizáronse xeracións de crédito por importe de 4.350,94 €, e o mencionado crédito extraordinario 01/21 e incorporado ao exercicio 2022 por importe de 340.000,00 €.

En canto aos dereitos recoñecidos netos, estes son dereitos recoñecidos totais, deducidas as anulacións producidas dacordo coa normativa.

A recadación neta, reflíctese o líquido percibido pola Tesourería Municipal, é dicir, a recadación total menos a devolucións de ingresos indebidos. Se analizamos o peso dos diferentes capítulos respecto do total, obtemos:

CAP	DEFINITIVAS	RECOÑECIDOS NETOS	RECADACION NETA
3	208.650,94	260.212,46	260.212,46
4	903.712,00	902.212,00	902.212,00
8	340.000,00	0,00	0,00
Totais	1.452.362,94	1.162.424,46	1.162.424,46

O capítulo 3, que se corresponden co cobro da Taxa pola prestación do servizo e a Contribución Especial de mellora do servizo, supoñen un 22,39 % do total de dereitos recoñecidos netos, mestres que o capítulo 4 que se corresponde coas transferencias correntes supón un 77,61 % do total. O capítulo 8 de activos financeiros corresponde coa aprobación do crédito extraordinario 01/21, e a súa posterior incorporación, para o procedemento de adquisición dun vehículo autobomba urbano pesado financiado con remanente positivo de tesourería.

A recadación da Taxa pola prestación do servizo vese incrementada en comparación co exercicio 2021; xerándose dereitos recoñecidos por este concepto no exercicio 2022 por importe de 27.473,64 € fronte aos 24.094,84 € do exercicio 2021, e convinte comentar que o criterio de recadación que se segue é o de caixa.

En canto á Contribución Especial de mellora do Servizo, financiada exclusivamente por UNESPA, indicar que segue a incrementarse cada ano debido a un control permanente do cumprimento do convenio e do cotexo dos datos remitidos polo citado organismo para o cálculo desta taxa. Si ben no exercicio 2021 recadábase a cantidade de 215.981,71 € durante o exercicio 2022 a recadación total por este concepto ascendeu a 229.669,14 €.

O concepto orzamentario 47 destinado a ingresos de empresas privadas derivados da suscripción de convenios de colaboración presenta un superavit de 4.000,00 €; este dato xustifícase pola renovación do convenio de colaboración coa empresa Gas Natural Fenosa que a principios do exercicio entendíase extinguido. Os dereitos recoñecidos netos por este concepto ascenden a cantidade de 4.000,00 €. O concepto orzamentario 462 corresponde co convenio asinado entre o Consorcio e o Concello de Silleda relativo a exención do I.V.T.M, da taxa pola recollida de lixo e o consumo de auga potable durante o exercicio 2022.

O capítulo 4 corresponde coas transferencias correntes dos dous entes consorcioados, Xunta de Galicia e Deputación Provincial de Pontevedra. Presentan unhas consignacións iniciais incrementadas con respecto ás correspondentes co exercicio anterior, 881.529,76 € para o exercicio 2021, e de 898.212,00 € para o exercicio 2022.

D.- ANÁLISE DO RESULTADO ORZAMENTARIO:

O Resultado Orzamentario, é unha magnitude que mide o grado de suficiencia dos ingresos recoñecidos no exercicio para financiar as obrigas recoñecidas durante o mesmo. Éste obtense pola diferenza entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigas recoñecidas netas, ámbos referidos as operacións realizadas con cargo as previsións producidas durante o exercicio.

Para o exercicio 2022 ofrecen os seguintes importes:

Dereitos recoñecidos netos	1.162.424,46
Obrigas recoñecidas netas	1.076.090,42
RESULTADO ANTES DE AXUSTES	86.334,04
Créditos financiados con Remanente de Tesourería	0,00
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	86.334,04

E.- ANÁLISE DO REMANENTE DE TESOURERÍA:

O Remanente de Tesourería é a acumulación de resultados orzamentarios de exercicios anteriores, e dicir, defínese como unha magnitude que cuantifica e informa sobre o excedente ou déficit de financiación a curto prazo que a entidade ten a data de peche do exercicio. Constitúese como un dos indicadores máis relevantes da liquidación do orzamento, posto que pon de manifesto a situación económico-financeira que presenta a entidade, indicando si existe recurso para financiar gasto, si é positivo, e déficit a financiar, si é negativo. Dacordo con art. 101 do R.D. 500/90, de 20 de abril, o Remanente de Tesourería da entidade local estará integrado polos dereitos recoñecidos pendentes de cobro, as obrigas recoñecidas pendentes de pago e os fondos líquidos, todos eles referidos a data 31 de decembro do exercicio correspondente.

O Remanente de Tesourería resultante para o exercicio 2022 arroxa a cifra de 674.674,59 €.

O art. 104 do R.D. 500/1990 fai referencia os supostos en que o Remanente de Tesourería seña positivo, e sinala que éste constitue un recurso para a financiación de modificacións de créditos no Orzamento. No seu punto 4 sinala que en ningún caso poderá formar parte das previsións iniciais de ingreso, nin poderá financiar os créditos iniciais do orzamento de gastos. Non obstante existe normativa recente referida ao Remanente de Tesourería Positivo e introduce unha modificación do art. 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira como os recentemente publicados, o Real Decreto-Lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e outros ámbitos para a reactivación económica, dictaminan as liñas a seguir para a utilización e limitacións dos Remanentes; non obstante no punto 4º deste informe dase unha explicación máis concreta sobre as disposicións vixentes.

E convinte ter en conta a hora de valorar as cifras resultantes deste estado que consta un documento contable A a data 31 de decembro de 2022 correspondente á modificación orzamentaria na modalidade de crédito extraordinario para a adquisición dun vehículo autobomba urbano pesado por importe de 340.000,00 € financiado con Remanente Positivo de Tesourería.


E.- CONCLUSIÓNS:

A situación económica do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes e dunha gran solvencia financeira atendendo aos datos desta liquidación e máis concretamente aos arroxados no Remanente de Tesourería, non obstante e importante ter en conta que o parque móvil, a excepción dun vehículo, ten unha antigüidade próxima aos vinte anos; na mesma situación atópase o edificio que vai presentando signos de deterioro polo paso do tempo e que precisa de reparacións de mantemento habituais; por outra banda preténdese a renovación dos EPIS (equipos de protección individual) de todo o persoal por deterioro dos actuais e demais actuacións de mantemento.

Este é o meu informe, que emito sen perxucio de outro mello fundado en dereito.

En Silleda, a 7 de marzo de 2023.

O INTERVENTOR Acctal.



Asdo. Daniel L. Rodríguez Espiño.